



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXIS E DE MAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER

Artigo 1.- Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 á 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por licenza de autotaxis e demais vehículos de aluguer, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento aprobado polo Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licenzas.
- b) Autorización para transmisión de licenzas, cando proceda o seu outorgamento, con arranxo á lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licenzas, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.
- e) Dilixenciamento dos libros rexistro das empresas e servizos de transporte das clases C e D.

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Están obrigados ao pago da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, seguintes:

1. A persoa ou entidade a cuxo favor se outorgue a concesión e expedición da licenza, ou en cuxo favor se autorice a transmisión de dita licenza.



CONCELLO DE REDONDELA

2. O titular da licenza cuxo vehículo sea substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e cuxos libro rexistros sexan dilixenciados.

Artigo 4.- Responsabeis.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do seuxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsabeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5.- Cota tributaria.

A cota tributaria desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6.- Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pago da taxa.

Artigo 7.- Devengo.

1. Cando se trate da concesión de licenzas nace a obrigación de contribuir na data en que este Concello conceda e expida a correspondente licenza ou autorice a súa transmisión, ou no seu caso, autorice a substitución do vehículo. Non obstante, poderase considerar que nace a obrigación de contribuir no momento de presentar a correspondente solicitude.

2. Cando se trate da prestación dos servizos de revisión de vehículos e de dilixenciamiento de libros rexistros, a taxa devengarase no momento en que se inicie aquela prestación, entendendo, a estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude dos mesmos.



Artigo 8.- Declaración e ingreso.

1. A realización das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta taxa levaranse a cabo a instancia de parte.
2. Todas as cuotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licenzas ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuintes o seu pago no prazo establecido no artigo 20 do Regulamento xeral de recadación.
3. Non obstante poderá o Concello esixir o ingreso no momento da presentación da solicitude en calidade de depósito previo.

Artigo 9.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, si como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final.-

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Anexo

Tarifa:	Euros
1. Concesión e expedición de licencias:	
1.1 Licencias das clases "A" e "B"	151,03
1.2 Licencias da clase "C"	50,50
2. Explotación das licencias:	
2.1 Licencias das clases "A" e "B", canon anual	37,05



CONCELLO DE REDONDEIRA

3. Transmisións de licencias:	
3.1 Clases "A" e "B"	252,38
3.2 Clase "C"	49,53
4. Autorización para substitución de automóbiles:	
4.1 Licencias das clases "A", "B" e "C"	15,18
5. Expedición e renovación de permiso municipal de conducción:	
5.1. Clases "A", "B" e "C"	10,10

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

BOP número 299, do 27.12.1989
BOP do 20.01.1992
BOP número 105, do 02.06.1995
BOP número 245, do 26.12.2000
BOP número 241, do 15.12.2003
BOP número 247, do 27.12.2005